




■ CADERNO DE ORIENTACIÓN PARA O ■  
**ALUMNADO DE F.P. QUE  
SE QUERE MATRICULAR  
NAS P.A.U.**



■ **CURSO 2025- 2026** ■  
■ **MATRÍCULA DO** ■  
**DO 04 AO 18 DE MAIO**



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

+Info: [www.cifp.eis.gal](http://www.cifp.eis.gal)

# SOLICITUDE DE MATRICULA PROBAS ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU) GALICIA ANO 2026

## INSCRICIÓN PAU CONVOCATORIA ORDINARIA



### PROCESO MATRÍCULA ANTICIPADA

PARA ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE CENTROS DA C.A. DE GALICIA

04– 18 DE MAIO 2026.

#### QUEN PODE MATRICULARSE?

...

C) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de Técnico Superior de FP...

G) Alumnado de Formación Profesional pertencente a centros de Galicia que estea en disposición de acadar o título de Técnico Superior de FP, ... na convocatoria de xuño do curso 2025/26, **aínda que estea pendente da finalización da Formación en centros de Traballo (FCT) e, se é o caso, o módulo de proxecto, e desexe mellorar a súa nota de acceso á universidade mediante a realización da Parte Voluntaria.** Os resultados estarán condicionados á superación da FCT e/ou Proxecto.

#### PROCEDEMENTO E MATRICULACIÓN

A matrícula anticipada realizarase a través da aplicación informática Nerta (<https://www.edu.xunta.es/nerta>) e, de non ser posible, enviarase a documentación por correo electrónico ao correspondente Lugar de Entrega e Recollida de Documentación que procederá á súa matrícula.

**Só excepcionalmente poderá facerse in situ, previa cita,** nos LERD habilitados en cada un dos sete campus de Galicia

**O alumnado dos Centros de Galicia que ten os seus datos académicos informatizados na aplicación Nerta e con conta de usuario fará a súa matrícula a través desta aplicación (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>).**

Coa realización da matrícula en **Nerta**, xerárase o **impreso de liquidación** para o ingreso dos prezos públicos. **O alumnado pode acceder á súa conta e realizar o pagamento das taxas de forma telemática, utilizando unha tarxeta de crédito. Este pagamento xa se reflicte de forma automática en Nerta, sen necesidade de enviar xustificante.**

**Se decide realizar o pagamento nunha oficina de Abanca, debe imprimir o impreso de liquidación para presentar na entidade bancaria. Unha vez aboados os prezos deberá enviar copia do xustificante de ingreso ao LERD** correspondente para que reflictan a realización do pagamento en Nerta, dentro do prazo de matrícula. Recoméndase o ingreso a través da pasarela de pagamento dado que destes xeito queda reflectido de forma automática en Nerta.

**O alumnado con dereito a exencións tamén debe enviar copia da xustificación por correo electrónico ao LERD correspondente, dentro do prazo de matrícula.**

O Alumnado que **non teña conta de usuario en Nerta** deberá **activala en <https://www.edu.xunta.gal/nerta/> ou enviar por correo electrónico ao LERD** correspondente a seguinte **documentación** cos seus datos persoais e académicos para dar de alta a súa matrícula.

Documentos comúns para este alumnado:

1. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
2. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU) que poderá baixar da páxina web da CIUG.
3. Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes, segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.

A maiores o **alumnado de FP de anos anteriores (non o alumnado que obteña o título este curso 25-26)** que estea en posesión do título de Técnico Superior e desexe realizar a Parte Voluntaria deberá enviar:

1. Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CIUG aos centros.
2. Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
3. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia

A maiores o **alumnado de Formación Profesional** pertencente a centros de Galicia que estea en disposición de acadar o título correspondente de Técnico Superior na convocatoria de xuño do curso 2025/26, aínda que estean pendentes das prácticas (FCT) xa que a FCT non ten cualificación numérica e non repercute na súa cualificación de acceso á Universidade.

O centro de Formación Profesional ten que traspasar o expediente de XADE a Nerta co fin de que no expediente académico xa conste a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción dos módulos sinalados no punto 4 do artigo 27º da Orde do 24 de marzo de 2011. O expediente figurará como traspasado pendente de Formación en Centros de Traballo (FCT).

## PREZOS, EXENCIÓNS, AXUDAS

O importe do prezo de matrícula para estas probas é de: **63,67 euros**.

En caso de exencións os prezos serán:

Familia numerosa - Categoría Xeral

**31,84 euros**

Familia numerosa - Categoría Especial

**Gratuíta**

Persoas con discapacidade ( $\geq 33\%$ ), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero

**Gratuíta**

## PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE MATRICULADOS

A data de **publicación da listaxe de matriculados** será **19 de maio**. O **alumnado deberá revisar os seus datos** e se detecta algún erro poderá interpoñer, no seu centro, reclamación, ata as 13.00 horas dese día.

## DATAS E HORARIOS DOS EXAMES

Os exames terán lugar os días **2, 3 e 4 de xuño**, en xornada de mañá e tarde os tres días.

## PRESENTACIÓN E NORMAS DE REALIZACIÓN

**Todo o alumnado deberá acudir ao acto de presentación o primeiro día das probas ás 9.00 horas da mañá** e despois presentarse a realizar os exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles.

***O alumnado que só se examine da parte voluntaria e non teña erros na súa matrícula pode presentarse no momento de realizar os exames correspondentes.***

Para realizar os exames, o alumnado deberá levar consigo:

- DNI ou documento identificativo: pasaporte.
- Resgardo de Matrícula e xustificante de pagamento
- Bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra
- Material axeitado para realizar o exercicio correspondente á materia de Debuxo técnico II e Deseño, así como o dicionario de latín-español ou grego-español e unha calculadora.

Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que o identifica.

Os exames son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo (fluorescentes, subliñados en cor etc.) que poidan permitir unha eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.

### ***MATERIAL ESPECÍFICO PERMITIDO***

#### **Dicionarios**

☒ **Exame de Latín II.** No exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de latín-español/galego e permitirase o uso dos seus apéndices gramaticais, sempre que formen parte orixinal e inseparable dos dicionarios. Con todo, non se permitirán as páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao castelán ou ao galego. Neste caso deberase comunicar aos membros da Comisión Delegada e gramparanse ou separarase as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.

☒

**Exame de Grego II.** No exame de Grego II poderá utilizarse calquera dicionario de grego-español/galego incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Os/as vogais das comisións delegadas poderán revisar os apéndices gramaticais para comprobar que non hai anotacións. De detectarse anotacións nestes, instarase o alumno ou alumna a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

## **Calculadoras**

Poderase utilizar a calculadora exclusivamente nos exercicios de Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, Física, Química e Economía da empresa.

☒ Permitirase usar calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica.

☒ Non poderá haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas.

No caso de dúbida sobre a validez dun determinado modelo de calculadora, o tribunal requiriralle ao alumno ou alumna a calculadora para valorar as súas características. De comprobarse que a calculadora é programable ou con capacidade gráfica, retiráselle e non se lle permitirá usar outro dispositivo aínda que este cumpra os requisitos.

### ***MATERIAL NON PERMITIDO***

Non está permitido o uso de ningún dispositivo que emita ou reciba radiofrecuencias, reloxos, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.

Todo o alumnado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos non permitidos.

Os/os vogais das comisións delegadas terán especial coidado en que no posto de exame o alumnado non teña consigo estes dispositivos electrónicos, agás as calculadoras non programables e sen capacidade gráfica permitidas.

### ***REALIZACIÓN DOS EXAMES.***

En cada materia entregarase un único modelo de exercicio. O estudiantado deberá responder todas as preguntas, aínda que nalgunhas preguntas poderase incluír a posibilidade de elixir entre varios apartados. Neste caso indicárase o número «N» de apartados que debe responder e, se responde a máis apartados dos indicados nunha pregunta, só se corraxirá o número «N» de apartados respondidos en primeiro lugar no caderno de exame.

Tras a distribución dos exames, todas as persoas (estudiantado, vogais da comisión delegada e representantes de centro) deberán permanecer na aula na primeira media hora

O acceso á aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.

Os exames deberán entregárselle a un membro do tribunal para que comprobe que cumpran as condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

Se un/unha estudante non se presenta a algún dos exercicios da fase xeral da PAU, na cualificación correspondente figurará «Non presentado» (NP) e para os efectos do cálculo da nota media o exame computará como 0.

No caso de que se detecte algún alumno ou alumna con material non permitido no posto de exame, **copiando** ou non respectando estas instrucións, será motivo de medida disciplinaria.

Despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e o exame será cualificado con **0 puntos**. Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán e que poden implicar a anulación total da PAU.

## PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

As cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas na Internet **o día 11 de xuño**, a partir das 20.00 horas.

O día **18 de xuño faranse públicas as cualificacións definitivas** despois da resolución das solicitudes de revisión (a partir das 20:00 horas).

## REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

O alumnado poderá solicitar a revisión da cualificación obtida nun ou en varios exames no prazo de tres días contados a partir da data de publicación das cualificacións **(12 AO 16 DE XUÑO)**.

**Neste proceso de revisión as modificacións das cualificacións poden ser tanto á alza como á baixa.**

As solicitudes de revisión poderanse **facen a través da aplicación informática Nerta**, empregando o seu código de acceso. O alumnado deberá gardar copia da súa solicitude en calidade de resguardo e xustificación de presentación desta.

Procederase do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, analizarase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen

corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A cualificación provisoria obtida (identificada como P) pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal (identificada tamén como P).

b) Deseguido, realizarase unha segunda corrección por un novo corrector/a especialista, distinto ao que efectuou a primeira corrección. Se esta segunda cualificación (identificada como S) ten unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente  $(S+P)/2$ .

c) No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección (identificada como T). Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente  $(P+S+T)/3$ .

**O estudiantado terá dereito a ver os exercicios revisados** unha vez finalizado na súa totalidade o proceso de revisión establecido (artigo 10.5 do RD 534/2024, do 11 de xuño). **Para consultar os exames poderá realizarse a solicitude o 19 e 22 de xuño para a convocatoria ordinaria**

## ALUMNADO CON NEAE

Dependendo do número e tipo de solicitudes, así como da natureza da adaptación necesaria, os exames para o alumnado con discapacidade e/ou Necesidade de Apoio Educativo, matriculado na ABAU, que expresamente o solicite e o acredite convenientemente segundo o procedemento de actuación establecido pola CIUG levaranse a cabo, única e exclusivamente, nas Comisións Delegadas.

## INFORMACIÓN DE INTERESE

LERD 3

Campus de Elviña - A Coruña

lerdcoruna@udc.es

881 011 190

881 011 192

881 011 356

881 012 358